

mil nove ao abeiro do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Os concellos de Fene e Mugardos delegaron no Concello de Ares a potestade expropiatoria para esta actuación concreta, delegación de competencia que foi aceptada polo Concello de Ares en sesión plenaria o día trinta e un de xullo de dous mil oito e publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 159, de dezanove de agosto de dous mil oito e que trae causa do convenio de colaboración asinado polos tres concellos o vinte e seis de novembro de dous mil sete para o desenvolvemento conxunto da cesión ou posta á disposición de terreos para a execución das actuacións de saneamento na zona norte da ría de Ares e na zona sur da ría de Ferrol.

Os bens en que se concreta a declaración de urxente ocupación están determinados no expediente que se someteu a información pública.

Que o dito expediente tivo entrada na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e que contén a xustificación acreditativa da motivación para a declaración de urxente ocupación.

Que o expediente se tratou na Comisión de Secretarios Xerais previa á súa elevación ao Consello da Xunta de Galicia.

Que o expediente contén a documentación a que se refire o artigo primeiro da Orde do 7 de decembro de 1983, sobre declaracións de urxente ocupación, así como a exixida no artigo 3 da Lei 11/1996, do 27 de decembro, de medidas de disciplina orzamentaria.

En consecuencia, considérase necesaria a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización das obras do proxecto técnico sinalado, xa que, segundo sinalan Augas de Galicia e o Concello de Ares, con esta actuación trátase de evitar o impacto ambiental que produce a contaminación derivada das verteduras de augas residuais directamente ao mar e que na maioría dos casos se producen en zonas próximas a usos de baño e de cultivo mariño. Así mesmo, preténdese mellorar e ampliar o sistema de condución, que sofre constantes avarías e que se considera insuficiente segundo a Directiva 91/271/CEE, do 21 de maio, e de acordo co ordenamento español (Lei 8/2001, do 2 de agosto), garantindo deste xeito as medidas hixiénico-sanitarias.

Coa construción da estación depuradora, inexistente na actualidade nos concellos de Ares, Fene e Mugardos e que é de interese xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o artigo 6 da Lei 8/2001, do 2 de agosto, recuperaríase a calidade das augas nas zonas costeiras, marisqueiras, portuarias e de praias que existen ao longo de todo o litoral e que teñen grande interese económico e ambiental.

A competencia para a declaración da urxente ocupación correspóndelle ao Consello da Xunta de Gal-

cia segundo o disposto nos artigos 27.2º e 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte de maio de dous mil dez,

DISPOÑO:

Artigo único.-De conformidade co disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, declárase a urxente ocupación, para os efectos de expropiación forzosa, dos bens e dereitos concretados no expediente administrativo instruído para o efecto e necesarios para a execución das obras do proxecto de actuacións de saneamento na zona norte da ría de Ares e na zona sur da ría de Ferrol, dos concellos de Ares, Mugardos e Fene, que deberán, de ser o caso, unha vez ocupados os terreos necesarios, obter as autorizacións que fosen necesarias dos organismos competentes, con carácter previo ao inicio das obras.

Santiago de Compostela, vinte de maio de dous mil dez.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 26 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do sistema universitario de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.

O Sistema Galego de Innovación, en particular no ámbito universitario, amosa unha marcada fragmentación, o que se traduce na existencia de poucas estruturas de investigación que teñan dimensión suficiente para xerar resultados científicos e tecnolóxicos de calidade ou acceder aos recursos dispoñibles no ámbito estatal e internacional. Ao mesmo tempo, o SUG ofrece unha constatable desestruturación e dispersión de capacidades que (i) reduce a súa masa crítica real e, por conseguinte, a súa potencialidade científica e tecnolóxica e, (ii) condiciona a converxencia e complementariedade de recursos en obxectivos de alcance e en actuacións transdisciplinares, o que limita a súa proxección sobre o Sistema de Innovación.

Co obxectivo de estruturar, especializar e consolidar as unidades de investigación do SUG, estableceuse no ano 2006 o Programa de consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas. Este programa integra un conxunto de instrumentos que potencian a organización competitiva e a dotación dos recursos necesarios para dar un salto significativo na calidade dos resultados e no alcance e impacto da produción científica e a transferencia de resultados da investigación universitaria. O programa persegue un dobre resultado: dunha banda, contribuír á ordenación e consolidación dos recursos e da actividade investigadora das universidades, en consonancia cos obxectivos estratéxicos establecidos pola Secretaría Xeral de Universidades. Por outra, promover unha máis efectiva presenza e articulación da investigación universitaria no conxunto do Sistema Galego de Innovación.

Ademais, esta convocatoria quere contribuír a reducir o desequilibrio entre homes e mulleres dedicados á investigación no sistema universitario de Galicia, en cumprimento do compromiso de eliminación de discriminacións entre homes e mulleres que recolle o artigo 1º da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de homes e mulleres. Por iso, as axudas que se regulan nestas convocatorias terán en consideración o peso relativo das mulleres nas propostas presentadas, de xeito que se potencie o seu número e a calidade do seu traballo.

Este esforzo de organización competitiva concreouse no período 2006-2009 en catro direccións complementarias:

-En primeiro lugar, na consolidación dos grupos de investigación máis dinámicos do SUG que, contando cunha situación de partida favorable, unha achega suplementaria de recursos durante un período continuado debería ter un efecto multiplicador e estabilizador importante. Esta liña de actuación completou os seus obxectivos iniciais na consideración de que os grupos de investigación máis competitivos, entre os que cumpren os criterios do programa, están xa a participar nel. Ademais, o SUG ten á súa disposición unha convocatoria complementaria no marco deste programa, promovida pola Derección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación que financia, así mesmo, o funcionamento estrutural dos grupos activos. Esta convocatoria complementaria vai dirixida a aqueles grupos que non acadan aínda o grao de desenvolvemento dun grupo de referencia, pero que teñen un potencial de crecemento que co debido apoio poderían acadar niveis de excelencia.

-En segundo lugar, no obxectivo de estruturar e articular o SUG, a partir de redes de investigación, na medida en que a agrupación de investigadores de diferentes grupos e institucións permitirá acadar capacidades complementarias e, polo tanto, obter mellores resultados na investigación e no acceso competitivo aos recursos. Esta liña afondou suficientemente na creación de novos espazos de colaboración, salvo nas áreas de humanidades e ciencias sociais en que, existindo aínda un gran potencial para a cooperación científica, este instrumento pode resultar idóneo para conformar novas capacidades

científicas e abordar con maior efectividade novos obxectivos en investigación.

Doutra banda, e na consideración de que as redes financiadas no ano 2007 rematan o período para a consecución dos seus obxectivos, resulta necesario neste momento o apoio ás actuacións específicas para efectos da súa consolidación organizativa ou da materialización efectiva da colaboración iniciada.

-En terceiro lugar, na promoción de novos grupos de investigación que possibiliten o inicio de liñas de investigación innovadoras no SUG, ao tempo que favorezan o máximo retorno da formación recibida polos investigadores mozos que se incorporan ao sistema. Esta liña seguirá tendo unha gran relevancia na promoción da investigación no SUG.

-En cuarto lugar, nos exercicios 2008 e 2009, deuse un paso adicional no obxectivo de consolidación e estruturación, ao propiciar a organización dos grupos máis dinámicos arredor de estruturas de investigación de dimensión superior ao grupo, tales como institutos de investigación, centros de referencia ou outras agrupacións.

Atendendo a estas consideracións xerais sobre a evolución do programa, e en virtude das súas competencias, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria procede a esta convocatoria para o ano 2010, dando continuidade ao programa posto en marcha en 2006 e en liña coas accións que se recollen no Incite-Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2006-2010.

Polo que antecede, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-*Obxecto da convocatoria.*

Esta convocatoria establece as condicións, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva, para o acceso no ano 2010 ás axudas para consolidar, estruturar e especializar as unidades de investigación máis competitivas do sistema universitario de Galicia, mediante tres modalidades:

a) Grupos de referencia competitiva: renovación das axudas concedidas en 2006 e prorrogadas en 2008 para a consolidación de grupos de investigación que, pola súa produción científica e a súa actividade de I+D, constitúan unha referencia no Sistema Galego de Innovación. As condicións detállanse no anexo I.

b) Grupos emerxentes: axudas a investigadores mozos que desenvolvan liñas de investigación diferenciadas dentro dos seus grupos e que sexan investigadores principais en proxectos financiados por convocatorias competitivas. As condicións detállanse no anexo II.

c) Redes de investigación: as condicións detállanse no anexo III. Terá dúas submodalidades:

c.1) Novas redes: axudas a grupos de investigación en humanidades e ciencias sociais para apoiar o desenvolvemento dun plan de actuacións en rede que permita conformar novas capacidades científicas

cas e abordar con maior efectividade novos obxectivos en investigación.

c.2) Plan de actuación de redes vixentes: axudas a grupos de investigación que fosen beneficiarios da axuda de redes desta convocatoria no exercicio 2007, para apoiar un plan concreto de actuacións de colaboración que materialicen os obxectivos cos cales se creou a rede.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios da modalidade da axuda a) indicada no artigo anterior, os grupos de investigación do sistema universitario de Galicia, que recibiran a axuda de grupos de referencia competitiva deste programa no exercicio 2006, e prorrogadas en 2008, que superen favorablemente a avaliación final do período 2006-2009 e que presenten unha proposta de grupos que cumpra os requisitos establecidos no anexo I.

Poderán ser beneficiarios da modalidade de axuda b) indicada no artigo anterior, os investigadores mozos que acrediten a súa pertencenza ao sistema universitario de Galicia e que cumpran os requisitos establecidos no anexo II.

Poderán ser beneficiarios da modalidades da axuda c) indicadas no artigo anterior, os grupos de investigación das universidades do sistema universitario de Galicia, recoñecidos como tales pola súa universidade de orixe, sempre que cumpran os requisitos establecidos no anexo III.

Para os efectos desta convocatoria, enténdese por investigador PDI o persoal docente investigador do sistema universitario de Galicia con categoría de doutor; asúmese nesta cualificación o persoal contratado doutor vinculado por programas competitivos de dotación de persoal, en particular os procedentes dos programas Ramón y Cajal, Parga Pondal ou Juan de La Cierva, sempre que formen parte dun grupo de investigación no rexistro da universidade correspondente.

Artigo 3º.-Conceptos subvencionables.

Os importes das axudas irán destinados a financiar os seguintes conceptos, sempre que se relacionen coa actividade de consolidación ou agrupación:

1. Custo de contratación de persoal investigador ou auxiliar. Inclúese o custo de persoal dedicado de xeito específico ás funcións de xestión da rede ou da agrupación.

2. Pequeno equipamento e funxible, e custos de mantemento derivados de materiais, subministracións, instrumental e similares.

3. Material bibliográfico e adhesión a sociedades científicas.

4. Formación dos membros do grupo relacionada coa actividade obxecto da axuda.

5. Viaxes para a actividade obxecto da axuda.

6. Investigadores visitantes.

7. Organización de actividades de difusión, así como presenza en medios de comunicación.

8. Ferramentas de xestión do coñecemento e a información, tales como aplicacións informáticas, bases de datos, etc.

9. Consultoría e asesoramento externo para deseñar e aplicar a estrutura e a estratexia da rede ou da agrupación.

10. Actividades para xerar rede ou favorecer a agrupación, non só entre os promotores, senón tamén con terceiros.

11. Custos indirectos ou gastos xerais que regulamentariamente exige a universidade ao grupo solicitante, que non superarán o 15% da axuda concedida e non serán financiados polo Feder.

Dado que estas axudas están cofinanciadas co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) 2007-2013, os conceptos anteriores só serán aceptados se cumpren os criterios de elixibilidade que establezan os regulamentos que desenvolven o Feder, en particular os recollidos na Orden EHA/524/2008, do 26 de febreiro, pola que se aproban as normas sobre gastos subvencionables dos programas operativos do Feder e do Fondo de Cohesión (BOE nº 53, do 1 de marzo).

Artigo 4º.-Formalización e presentación de solicitudes.

As solicitudes, segundo o modelo oficial cuxa primeira folla se achega como anexo a esta orde, están completas ao dispor dos interesados na internet no enderezo <http://www.edu.xunta.es> (no punto da Secretaría Xeral de Universidades) e presentaranse no Rexistro Único da Xunta de Galicia ou ben en calquera dos centros previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999 (BOE nº 12, do 14 de xaneiro), de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para a presentación de instancias. Se no uso deste dereito a solicitude é remitida por correo, presentarse en sobre aberto, para que sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de que proceda á súa certificación.

As solicitudes desta convocatoria poderán presentarse tamén nos rexistros das universidades do sistema universitario de Galicia. Estes rexistros deberán remitir as solicitudes á Secretaría Xeral de Universidades no prazo dos tres días seguintes ao da súa recepción, de acordo co establecido na Resolución do 25 de xuño de 2007 (DOG do 3 de xullo), da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se dispón a publicación do convenio de colaboración entre esta consellería e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo en materia de rexistros administrativos.

As solicitudes serán presentadas, segundo a modalidade, por:

-Na modalidade de grupos de referencia competitiva, o solicitante será o coordinador (ou equivalente) do grupo de investigación que solicite a axuda.

-Na modalidade de grupos emerxentes, o solicitante será o investigador mozo que vaia desfrutar da axuda.

-Na modalidade de redes, o solicitante será o coordinador do grupo de investigación que asuma as tarefas de xestión da rede.

O grupo de investigación deberá designar o coordinador (ou equivalente) tal como se indica no artigo 8.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Documentos que acrediten o cumprimento dos requisitos establecidos nos anexos desta convocatoria correspondentes á modalidade de axuda solicitada.

b) Certificado da composición dos grupos emitido pola universidade de orixe, indicando o código e denominación de grupo, así como o número de membros do grupo que son mulleres.

c) Certificado de ingresos de I+D competitivos obtidos polos solicitantes no período 2007-2009, expedido pola universidade de orixe. Esta certificación non será necesaria nas modalidades de grupos emerxentes e de redes.

Para efectos desta convocatoria enténdese por ingresos de I+D competitivos os correspondentes a proxectos de I+D financiados por convocatorias públicas das administracións estatais, europeas ou doutras fontes, e os correspondentes a contratos e convenios de I+D ou de servizos de innovación, licenzas de patentes e de software, así como os premios de investigación. Non se terán en conta as axudas para infraestruturas, as bolsas e axudas a accións de divulgación e produción científica, as axudas correspondentes a programas de recursos humanos, nin as procedentes deste mesmo programa.

d) Memoria descritiva da estratexia de investigación, estruturación e consolidación que vai seguir a agrupación ou o grupo emerxente, ou da actividade proposta pola rede, e que xustifica a necesidade desta axuda. O formato desta memoria está incluído no formulario de solicitude. Ademais de entregarse en papel, e co obxectivo de facilitar o proceso de avaliación, deberá incluírse unha copia da memoria en formato CD.

e) Declaración das axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin de todas as administracións públicas ou polos seus organismos ou sociedades, consonte o documento que se inclúe no modelo de solicitude.

f) Currículo acreditativo dos méritos alegados polo investigador ou o grupo, en soporte CD, segundo se detalla para cada unha das modalidades de axuda. Non se admitirá o *curriculum* en soporte papel.

g) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

h) Consentimento expreso á Administración para incluír e facer públicos, nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así

como ás sancións impostas. A reserva que puiden facer o petionario no senso de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que se expresar, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

O prazo de presentación de solicitudes será de 31 días naturais contados a partir do día seguinte ao de publicación desta orde no DOG.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

De conformidade co artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación das solicitudes comportará a autorización do solicitante ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia, polo que o solicitante queda liberado de presentar a correspondente certificación.

Artigo 5º.-*Tramitación.*

A instrución do procedemento de concesión destas axudas correspóndelle á Secretaría Xeral de Universidades.

Os servizos da Secretaría Xeral de Universidades comprobarán que todas as solicitudes reúnen os requisitos establecidos nesta orde e exporán a lista de solicitudes admitidas e excluídas sinalando, se é o caso, as causas de exclusión, na internet no enderezo <http://www.edu.xunta.es/>

Esta lista estará exposta do 19 ao 29 de xullo de 2010, e os interesados poderán, durante ese mesmo prazo, formular reclamacións para emendar erros e a falta de documentos ante a Secretaría Xeral de Universidades, achegando, se é o caso, a documentación necesaria. Transcorrido este prazo sen que se emenden as causas de exclusión, considerarase que o interesado desiste da súa petición nos termos establecidos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Non axustarse aos termos da convocatoria, o incumprimento dos requisitos nela establecidos, a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada será causa de desestimación da solicitude presentada con independencia de que se poidan acordar outro tipo de actuacións.

Artigo 6º.-*Avaliación e selección.*

A selección dos beneficiarios das axudas realízase a partir da suma das valoracións feitas por un panel de avaliadores e pola comisión de selección. No caso da modalidade de grupos de referencia com-

petitiva, a nota do panel de avaliadores estará formada pola suma das notas obtidas na solicitude e na avaliación final da axuda recibida do período 2006-2009.

O panel de avaliadores estará formado por expertos de fóra do sistema universitario de Galicia designados polo titular da Secretaría Xeral de Universidades, e cubrirán os diferentes ámbitos temáticos da convocatoria. A valoración das solicitudes presentadas referirase á produción e calidade científica dos grupos e candidatos, así como á súa actividade investigadora e á idoneidade da programación proposta de acordo cos obxectivos de cada unha das modalidades da convocatoria. O panel poderá asignar ata un máximo de 80 puntos a cada solicitude das modalidades b) e c). Na modalidade a), o panel poderá asignar como máximo 30 puntos a cada solicitude, que se sumarán á puntuación obtida na avaliación final da execución da axuda recibida no período 2006-2009. Esta avaliación da execución da axuda recibida en 2006-2009 será como máximo de 50 puntos.

Os criterios de avaliación das solicitudes presentadas son:

a) Estrutura/organización de investigación: tamaño do grupo, mecanismos de xestión e organización, mecanismos de transferencia de resultados e infraestruturas.

a1. Composición, estrutura, interdisciplinidade e coherencia do grupo e da súa actividade.

a2. Liderado do grupo ou composición maioritariamente femininos.

a3. Dimensión interuniversitaria e participación de investigadores dos campus periféricos.

b) Actividade investigadora (período 2007-2009):

b1. Nivel de excelencia da produción científica, medida polas publicacións.

b2. Proxectos financiados por convocatorias públicas ou contratos de investigación.

b3. Novos investigadores en formación, medido polo número de estudantes de doutoramento, bolseiros e contratados predoutorais e posdoutorais, teses dirixidas e lidas, posgraos ou doutoramento impulsados ou vinculados ás liñas de investigación dos grupos de investigación avaliados.

b4. Resultados de investigación, medidos pola existencia e utilidade dos resultados de investigación medidos a partir da solicitude de patentes, creación de empresas de base tecnolóxica, prestación de servizos e outras formas de desenvolvemento tecnolóxico e transferencia de coñecemento.

b5. Actividades de divulgación e promoción científica dos resultados: accións de comunicación, promoción, difusión ou didáctica da actividade de investigación.

b6. Ingresos por investigación logrados polos grupos que compoñen a agrupación ou a rede, ou polo grupo emerxente, xa sexan por convocatorias públicas, contratos de investigación, prestación de servizos ou transferencia de resultados.

Na modalidade de redes, teranse en conta os resultados obtidos pola rede no caso da submodalidade Plan de actuación, ou os resultados acadados de maneira conxunta polos socios no caso da submodalidade Nova rede.

c) Estratexia do grupo de investigación, ou plan de actuación proposto pola rede:

c1. Calidade e viabilidade da proposta de desenvolvemento do grupo ou rede que os candidatos presenten coa solicitude e de acordo aos obxectivos da convocatoria.

c2. Estratexia de aplicabilidade dos resultados que obteña o grupo ou a rede.

d) A avaliación final dos grupos de referencia competitiva que recibiron axudas no período 2006-2009 seguirá os seguintes criterios:

d1. Grao de cumprimento dos obxectivos de consolidación establecidos na resolución individual de concesión.

d2. Incremento da produción científica e da actividade de I+D.

d3. Fortalecemento do grupo.

d4. Destino e aproveitamento dos fondos recibidos.

d5. Aplicabilidade e difusión dos resultados obtidos.

Cando a comisión de selección o considere oportuno, poderán requirirse os grupos de referencia competitiva para que fagan unha exposición presencial dos logros acadados no período 2006-2009 durante o que recibiron a axuda.

A valoración farase chegar á comisión de selección, que elaborará a proposta de resolución de acordo coas bases da convocatoria, as avaliacións correspondentes, a dispoñibilidade de recursos e os obxectivos de ordenación, consolidación e articulación que suscita esta actuación.

A comisión de selección estará constituída por sete membros:

-O titular da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou persoa en que delegue, que actuará como presidente da comisión.

-Serán vogais da comisión:

*Un representante de cada universidade do SUG.

*Un subdirector xeral da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Consellería de Economía e Industria.

*O subdirector xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica Universitaria da Secretaría Xeral de Universidades.

*O xefe do servizo de Xestión Científico-Tecnolóxica da Secretaría Xeral de Universidades, que actuará como secretario da comisión.

Esta comisión poderá conceder ata 20 puntos a cada solicitude, para o que se terán en conta os seguintes criterios:

-Interese, relevancia e oportunidade dos obxectivos da solicitude para a estruturación e fortalecemento do conxunto das áreas de investigación do sistema universitario de Galicia.

-Potencialidade dos obxectivos da solicitude para atender os obxectivos científico-tecnolóxicos prioritarios para o sistema público de I+D.

Os vogais que representan as universidades presentarán á comisión un informe de valoracións das solicitudes presentadas por investigadores das súas respectivas universidades, en función destes criterios.

Para garantir que as propostas financiadas teñan un nivel de calidade que poida ser considerado de referencia, só poderán recibir as axudas establecidas nesta convocatoria aquelas solicitudes que obteñan unha puntuación total superior ou igual a 60 puntos.

Artigo 7º.-*Resolución.*

A competencia para resolver estas axudas correspóndelle ao titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria sen prexuízo da súa posible delegación noutros órganos da consellería. A comisión de selección elevará a proposta de resolución que incluíra a relación de candidatos seleccionados e a lista de reserva ao titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Esta resolución publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.

No texto da resolución individual aparecerán os obxectivos de consolidación e estruturación do grupo ou rede obxecto da axuda, segundo o establecido nos respectivos anexos.

Todas as solicitudes serán resoltas no prazo máximo de seis meses, contados desde a publicación desta orde. A non resolución en prazo faculta os interesados para entender desestimadas as súas solicitudes, de conformidade co previsto no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A resolución expresa ou presunta que poña fin á vía administrativa poderá ser impugnada polos interesados mediante recurso potestativo de reposición ante o titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.

Os asinantes das solicitudes denegadas ou desestimadas poderán recuperar a documentación presentada, no prazo dun ano a partir da publicación da concesión das axudas no *Diario Oficial de Galicia*. Pasado ese prazo, aquela documentación que non

fora recollida será destruída, agás a que sexa obxecto de recurso.

A aceptación da axuda supón a publicación na lista de beneficiarios prevista no artigos 6 e 7.2º d) do Regulamento (CE) 1828/2006, da Comisión.

Artigo 8º.-*Libramento da subvención.*

En todas as modalidades de axuda, a subvención será librada a través da universidade a que pertenza o solicitante, conforme o plan de necesidades do proxecto subvencionado e de acordo coa normativa vixente.

Para poder proceder ao libramento dos fondos será preciso que a universidade correspondente expida, na data límite do 15 de novembro do exercicio correspondente á anualidade de que se trate, a certificación expresiva da realización do gasto e do pagamento xunto cunha memoria explicativa do logro dos obxectivos de consolidación e estruturación do grupo ou rede. Ademais, cando a axuda teña cofinanciamento do Feder, a universidade correspondente deberá achegar nesa mesma data límite os documentos xustificativos dos gastos e dos pagamentos.

En cumprimento da normativa relativa ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, as universidades deberán manter unha separación contable adecuada para os gastos relacionados coa axuda que facilite a pista de auditoría. Ademais, deberán conservar a documentación por un período de tres anos a partir do peche do programa operativo, tal como se define no artigo 89.3º do Regulamento 1083/2006, do Consello. Os gastos deberán xustificarse con facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente e os pagamentos mediante certificación expedida pola universidade correspondente en que conste a data de pagamento.

Segundo o establecido no artigo 45.2º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen se ter presentado perante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días a presente. A falta de presentación da xustificación comportará a perda do dereito ao cobramento parcial ou total da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

Para efectuar o último pagamento, o beneficiario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos, entes ou sociedades.

Poderán realizarse pagamentos parciais á conta da liquidación final nas condicións establecidas na normativa vixente.

Nos proxectos plurianuais enténdese que os investimentos e pagamentos que se efectúen desde a data límite de xustificación da anualidade corrente ata

final de ano corresponden á anualidade seguinte e, polo tanto, poderán presentarse como xustificante para o cobramento desta anualidade.

Artigo 9º.-Modificación da resolución de concesión de axudas.

Poderase modificar a resolución de concesión da axuda, tal como se especifica no artigo 17 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando se alteren as condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, pola obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais.

As axudas concedidas serán compatibles con outras axudas ou subvencións, de acordo co establecido na normativa aplicable. Esta compatibilidade estará limitada nos seguintes casos:

a) Cando o importe das axudas concedidas, illadamente ou en concordancia con outras, supere o custo elixible da actividade subvencionada. Por iso, cando a entidade beneficiaria reciba outros fondos cos mesmos obxectivos que os establecidos nesta convocatoria, deberá poñelo en coñecemento da Secretaría Xeral de Universidades.

b) Cando o beneficiario teña concedida outra axuda desta consellería para a mesma actividade. En particular, as axudas das modalidades b) e c) desta convocatoria serán incompatibles coas concedidas para consolidación e estruturación de unidades de investigación (en calquera das convocatorias que foron publicadas en 2006, 2007 e 2008), sempre que correspondan á mesma modalidade de axuda. Un mesmo grupo non poderá ser beneficiario de máis dunha axuda para a modalidade de redes, aínda que correspondan a temáticas diferentes.

c) Cando o beneficiario teña concedida unha axuda para a consolidación do seu grupo ao abeiro da convocatoria de estruturación e consolidación da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.

d) Cando o beneficiario teña concedida outra axuda na cal os mesmos gastos sexan cofinanciados por fondos procedentes do mesmo ou doutro instrumento financeiro comunitario.

Artigo 10º.-Incumprimento, reintegros e sancións.

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución da concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 11º.-Concorrenza e renuncia das axudas.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas para a mesma finalidade por outras administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, segundo prevé o artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. No caso de que o beneficiario renunciase ás axudas unha vez percibidas, procederase consonte o establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 12º.-Control.

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións. En particular, poderá someter a todos os beneficiarios das axudas desta convocatoria a unha avaliación final, no prazo de seis meses contados desde a data límite de xustificación da última anualidade, coa finalidade de comprobar o impacto das axudas concedidas.

2. Alén do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas, do Consello de Contas e doutros organismos autonómicos, estatais e europeos con funcións de control sobre os fondos de cohesión e, en particular, do Feder.

Artigo 13º.-Dotación orzamentaria.

As axudas imputaranse á aplicación orzamentaria 09.02.422C.744.3 correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, en que existe crédito adecuado e suficiente. As cantidades, que aparecen desagregadas no cadro seguinte, poderán redistribuírse entre as modalidades en función das peticións presentadas e de acordo coas dispoñibilidades de créditos:

	Crédito (en euros)		
	2010	2011	2012
Modalidade a)	1.400.000	1.400.000	1.400.000
Modalidade b)	90.000	90.000	90.000
Modalidade c.1)	120.000	120.000	0
Modalidade c.2)	180.000	180.000	0

Os importes indicados corresponderán a fondos propios da comunidade autónoma e a fondos procedentes do Feder (eixe 1, tema prioritario 01: actividades de I+D en centros de investigación. Actuación 1: consolidación e estruturación do sistema público de I+D).

Cada unha das axudas levará as seguintes porcentaxes de financiamento: 39,2% de Feder, 9,8% de FCI que cofinancia o Feder, 15% de fondos propios libres para cubrir os gastos xerais que non teñen carácter de elixible para Feder e 36% de fondos propios libres para cubrir custos elixibles.

Dado o cofinanciamento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) 2007-2013, os beneficiarios das axudas deberán cumprir os requisitos de publicidade que establece o artigo 8 do Regulamento 1828/2006, do 8 de decembro, polo que se fixan normas de desenvolvemento para o Regulamento 1083/2006, polo que se que establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, e ao Regulamento 1080/2006 relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, así como cumprir os requisitos de xustificación que estableza esa mesma normativa. En todo caso, as medidas de publicidade e información deberán ser coherentes co establecido na Guía de publicidade e información das intervencións cofinanciadas polos fondos estruturais 2007-2013 en Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Esta orde sométese ao réxime de axudas públicas establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento que a desenvolve.

Segunda.-Contra esta orde poderase recorrer mediante recurso potestativo de reposición perante a o titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2010.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I

Grupos de referencia competitiva

1. Obxecto da axuda.

Renovación das axudas para a consolidación de grupos de investigación do SUG que pola súa produ-

ción científica e a súa actividade de I+D constitúan unha referencia no Sistema Galego de Innovación.

2. Requisitos.

Ser un grupo de investigación do SUG recoñecido pola universidade de orixe que cumpra os criterios seguintes:

-Ter sido beneficiario das axudas concedidas por este mesmo programa na súa convocatoria de 2006, segundo se recolle na Orde do 1 de decembro de 2006 pola que se resolve a do 6 de xuño de 2006 de convocatoria das axudas do programa de consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas, en réxime de concorrencia competitiva.

-Ter superado a avaliación final das actividades desenvolvidas no período de percepción da axuda (2006-2009), na cal se mide o destino e aproveitamento dos fondos recibidos, o incremento da produción científica e da actividade de I+D, o cumprimento dos obxectivos de consolidación establecidos na resolución individual de concesión, o fortalecemento do grupo, así como a aplicabilidade e difusión dos resultados.

-Ter polo menos 5 PDI e cumprir algún dos seguintes requisitos de actividade no período 2007-2009:

*Nº de proxectos competitivos, activos no período: polo menos tres proxectos.

*Ingresos medios anuais por actividades de I+D: superior a 250.000 €.

3. Contía e duración.

As axudas serán de aplicación por un período de tres anualidades, mediante o pagamento anual dunha contía fixa de 56.000 €.

Ao final da segunda anualidade, realizarase unha avaliación do cumprimento dos obxectivos de consolidación que foron recollidos na resolución individual de concesión. De non superar esta avaliación, aplicarase o establecido no artigo 10º desta orde.

4. Criterios de avaliación.

Para esta modalidade de axuda, os criterios de avaliación previstos para o panel de avaliadores no artigo 6º desta orde serán ponderados de acordo co seguinte:

Criterio	Puntuación máxima
Estrutura/organización de investigación	10
Estratexia do grupo de investigación	20
Avaliación final do período 2006-2009	50

ANEXO II

Grupos emerxentes promovidos por investigadores mozos

1. Obxecto da axuda.

Axudas a investigadores mozos que desenvolvan e consoliden liñas de investigación diferenciadas dentro dos seus grupos e que sexan investigadores principais en proxectos financiados por convocatorias competitivas.

1. Requisitos.

Ser un investigador mozo que cumpra os seguintes criterios:

a) Que sexa menor de 40 anos ao remate do ano da publicación desta convocatoria. Excepcionalmente poderá recollerse a participación de investigadores de maior idade que procedan dos programas Ramón y Cajal ou Parga Pondal, sempre que sexan menores de 45 anos ao remate do ano de convocatoria.

b) Que teña vinculación estable coa universidade.

c) Que constate contribucións científico-técnicas relevantes e con liñas de traballo diferenciadas e innovadoras no sistema universitario de Galicia.

d) Que sexa investigador principal en proxectos de investigación vixentes financiados por convocatorias competitivas de ámbito autonómico, estatal ou internacional.

e) Que conte cunha experiencia investigadora acreditable superior a 12 meses en centros de fóra da Comunidade Autónoma galega.

2. Contía e duración.

As axudas serán de aplicación por un período de tres anos, mediante o pagamento dunha contía anual de 30.000 € por grupo.

Ao final da segunda anualidade, realizarase unha avaliación do cumprimento dos obxectivos do grupo que foron recollidos na resolución individual de concesión. De non superar esta avaliación, aplicarase o establecido no artigo 10º desta orde.

3. Criterios de avaliación.

Para esta modalidade de axuda, os criterios de avaliación previstos para o panel de avaliadores no artigo 6º desta orde serán ponderados de acordo co seguinte:

Criterio	Puntuación máxima
Estrutura/organización de investigación	10
Actividade investigadora	50
Estratexia do grupo emerxente	20

ANEXO III

Redes de investigación

1. Obxecto da axuda.

-Modalidade Novas redes: axudas a grupos de investigación en humanidades e ciencias sociais para apoiar o desenvolvemento dun plan de actuacións en rede que permita conformar novas capacidades científicas e abordar con maior efectividade novos obxectivos en investigación. Considéranse áreas de humanidades e ciencias sociais as seguintes áreas ANEP: economía; dereito; ciencias sociais; psicoloxía e ciencias da educación; filoloxía e filosofía; historia e arte.

-Modalidade Plan de actuación de redes vixentes: axudas a grupos de investigación que fosen benefi-

ciarios da axuda de redes desta convocatoria no exercicio 2007, para apoiar un plan concreto de actuacións de colaboración que materialicen os obxectivos con que se creou a rede.

2. Requisitos.

O solicitante da modalidade Novas redes será un grupo de investigación do SUG (denominado coordinador) que, coa adhesión de polo menos outros tres grupos, promova o desenvolvemento dun plan de actividades conxuntas e complementarias no marco dunha rede. O solicitante e os tres grupos que o acompañan deberán proceder das áreas de humanidades e ciencias sociais. Admitirase a participación de grupos doutras áreas, sempre que non ocupen a posición de liderado, que non sexan máis do 50% do total de socios e que amosen a súa potencial contribución á rede.

O solicitante da modalidade Plan de actuación será un grupo de investigación do SUG (denominado coordinador) que fose beneficiario das axudas a redes de investigación deste programa na convocatoria de 2007, coa adhesión de polo menos outros tres grupos, e que promova un plan de actuacións concretas que contribúan ao cumprimento dos obxectivos con que foi creada a rede. O solicitante poderá ser o grupo que foi líder da rede no período financiado ou outro grupo que fose membro da rede naquel momento. En calquera caso, o plan de actuación deberá xustificarse respecto dos logros acadados pola rede durante a vixencia da anterior axuda.

3. Contía e duración.

En ambas as modalidades a axuda consistirá nunha contía fixa anual de 60.000 €. As axudas serán de aplicación por un período de dous anos, mediante o pagamento anual ao grupo que coordine a rede.

Ao final da segunda anualidade, realizarase unha avaliación do cumprimento dos obxectivos da rede que fosen recollidos na resolución individual de concesión. De non superar esta avaliación, aplicarase o establecido no artigo 10º desta orde.

4. Criterios de avaliación.

Para esta modalidade de axuda, os criterios de avaliación previstos para o panel de avaliadores no artigo 6º desta orde serán ponderados de acordo co seguinte:

Criterio	Puntuación máxima
Estrutura/organización de investigación	10
Actividade investigadora	50
Estratexia da rede	20

Estes criterios enténdense avaliábeis no marco da rede actual, isto é, non para os seus membros de xeito individual nin para os seus futuros membros.



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
 Secretaría Xeral de Universidades

ANEXO IV



Unión Europea
 Fondo Europeo de
 Desenvolvemento Regional
 "Una maneira de facer Europa"

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA A CONSOLIDACIÓN E ESTRUCTURACIÓN DE UNIDADES DE INVESTIGACIÓN COMPETITIVAS - ANO 2010	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED431B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

**DATOS DO/A REPRESENTANTE DO GRUPO SOLICITANTE
 (ou do/a investigador/a mozo/a na modalidade de grupos emerxentes)**

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
UNIVERSIDADE	POSTO DOCENTE	DEPARTAMENTO	
TÉLEFONO	EXTENSIÓN	CORREO ELECTRÓNICO	PROVINCIA
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E ANDAR)	CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	

MODALIDADE DA AXUDA (indicar o que corresponda) <input type="checkbox"/> AGRUPACIÓNS ESTRATÉXICAS <input type="checkbox"/> GRUPOS EMERXENTES PROMOVIDOS POR INVESTIGADORES MOZOS <input type="checkbox"/> REDES DE INVESTIGACIÓN	RAMAS (indicar o que corresponda) <input type="checkbox"/> SAÚDE <input type="checkbox"/> CIENTÍFICAS <input type="checkbox"/> SOCIAIS E XURÍDICAS <input type="checkbox"/> HUMANIDADES E ARTÍSTICAS <input type="checkbox"/> ENXEÑARÍAS E ARQUITECTURA
--	---

Visto e prace da autoridade que representa legalmente a universidade solicitante

Apelidos e nome: _____

Cargo: _____

_____, de _____ de 200__

Asdo.: _____

DECLARA QUE:

Dá expresamente o seu consentimento á consellería para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, no xeito que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 26 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do sistema universitario de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.

SINATURA DO/A SOLICITANTE

 Lugar e data _____ de _____ de 20__

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
_____	_____
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
_____	____/____/____
	DATA DE EFECTOS
	____/____/____
	DATA DE SAÍDA
	____/____/____